

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



VIGO



Consello Municipal
da Muller

ACTA

Núm.: 1/2011
Data: 2 de decembro de 2011
Horario: 9.50 h a 11.00 h.
Lugar: Despacho da concelleira de Igualdade
2ª planta Concello de Vigo

ORDE DO DÍA :

- 1.- Constitución do xurado
- 2.- Valoración das obras presentadas ao concurso de fotografía dixital e microvídeos "25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero. 2011"

ASISTENTES :

Dª Mª Jesús Lago Rey, Concelleira delegada de Igualdade que exerce as funcións de Presidenta.

Dª Luisa Ocampo Pereira, representante da asociación Mulheres Nacionalistas Galegas, que exerce funcións de vogal.

Dª Rosario Otero Rodríguez, representante da asociación Rede de Mulleres Veciñais de Vigo, que exerce funcións de vogal.

Dª Iolanda Veloso Ríos, representante do grupo municipal do BNG, que exerce funcións de vogal.

Dª Aurea González González, representante da asociación de Mulleres Dorna, que exerce funcións de vogal.

Dª Cristina Gómez García, xefa do servizo de igualdade e Dª Ana García Barrio, axente de igualdade que exercen funcións de secretaría con voz e sen voto.

No despacho da concelleira de Igualdade, emprazado na 2ª planta da casa do Concello, ás 9.50 horas do día 2 de decembro de 2011, reúnese na súa sesión constitutiva as persoas integrantes do xurado que valorará as obras presentadas á convocatoria: CONCURSO DE FOTOGRAFÍA DIXITAL E MICROVÍDEOS co gallo da conmemoración do Día Internacional contra a violencia de xénero.

1.- CONSTITUCIÓN DO XURADO

Constitúese o xurado segundo o establecido nas bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2011.

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



2.- VALORACIÓN DAS OBRAS PRESENTADAS

Con motivo da conmemoración do “25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero”, O Consello Municipal da Muller e maila Concellería de Igualdade convocaron un concurso de FOTOGRAFÍA DIXITAL e MICROVÍDEOS. “25 de novembro. Día Internacional contra a violencia de xénero-2011”.

Este concurso, convocouse co fin de fomentar unha maior implicación e concienciación cidadá a favor da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, especificamente contra a violencia de xénero.

As bases do concurso foron aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria celebrada o 28 de outubro de 2011.

As bases da convocatoria, difundíronse a través dos medios de comunicación local e estiveron a disposición das persoas interesadas na propia Concellería de Igualdade e na web municipal: www.igualdadevigo.org

O prazo da admisión das obras comezou o día 31 de outubro de 2011, e finalizou o día 20 de novembro de 2011.

O día 2 de decembro de 2011, ás 9.50 horas, constitúese o xurado segundo o establecido nas bases e procédese a visionar as obras presentadas ao citado concurso en cada unha das súas dúas modalidades:

- I) **Modalidade de Fotografía dixital.**
- II) **Modalidade de Microvideos.**

I) Modalidade de Fotografía dixital.

Na Modalidade de Fotografía dixital, presentáronse 22 inscricións: 3 fóra de prazo, 2 en prazo que non acompañan a obra que mencionan na inscrición e 17 inscricións en prazo acompañadas das correspondentes obras na modalidade de fotografía dixital. A continuación se detalla o título e a autoría das obras presentadas en prazo :

1. “Agora eu” de Paula Pérez González
2. “Non lle pasará a ela” de Carmen Da Luz Fernández
3. “Non é culpable, é vítima” de Begoña Pérez López.
4. “Ti que és nov@” de Julio José Bernárdez García.
5. “No lo ignores...¡Reacciona!” Paloma García Villar

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



6. *“Libérate das cadeas, sorrille á vida”* de Alejandro García Fernández
7. *“Tumba”* de Sandra López González.
8. *“Mirada2”* de Jose Antonio González Rodríguez
9. *“Ninguén”* de M^a Lidia González Rodríguez
10. *“Cariatide”* de M^a José Juncal Cal
11. *“Venus “* de Brais Suárez González.
12. *“Moneca”* de Fernando Suárez Cabaleiro.
13. *“Non estás soa“* de Margarita González Rodríguez
14. *“Faite oir “* de María Domínguez Carrera.
15. *“Nunca... nin xogando “* de Gloria M^a Fuentes Rey
16. *“Baleiro interior“* de Débora García López
17. *“O tempo... toda unha vida sen maltratos”* de Carlos Folgoso Sueiro

Visionadas as 17 fotografías presentadas, as persoas integrantes do xurado por unanimidade, acordan :

Primeiro: Valorar as 17 fotografías admitidas ao concurso

Segundo: Outorgar o primeiro premio na modalidade de fotografía dixital á obra titulada **“Nunca... nin xogando”** da autora Gloria M^a Fuentes Rey.

Terceiro: Non conceder accésit nesta modalidade.

II) Modalidade de Microvídeos.

Na Modalidade de Microvídeos, presentáronse 8 inscricións: 1 fóra de prazo e 7 incricións en prazo acompañadas das correspondentes obras na modalidade de microvídeos. A continuación se detalla o título e a autoría das obras presentadas en prazo :

1. *“Rompe co Silencio“* de Jesús Ruperto Andrés Tejada.
2. *“Mais que un número“* de Antía Mouriño García
3. *“Vésevovos tan ben”* de Julia María Castro Diéguez.

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



4. “*Latexos*” de Nerea Sarmiento Soto.
5. “*Semella que estou lonxe*” de Miriam Rodríguez Domínguez
6. “*Non cales, vive*” de Diego Mendez Lamas
7. “*Cambia-las cousas*” de Iria Rodríguez Leirós.

Visionados os 7 microvídeos presentados, as persoas integrantes do xurado por unanimidade, acordan :

Primeiro: Valorar os 7 microvídeos admitidos ao concurso

Segundo: Outorgar o primeiro premio na modalidade de microvídeos á obra titulada “***Semella que estou lonxe***” da autora Miriam Rodríguez Domínguez.

Terceiro: Acolléndose á posibilidade que ten o xurado de acordar outorgar accésit a dúas obras da mesma modalidade, tal e como o recolle a base oitava das bases do concurso, o xurado acorda conceder dous accésit na modalidade de microvídeos:

accésit para a obra “***Non cales, vive***” de Diego Mendez Lamas

accésit para a obra “***Rompe co silencio***” de Jesús Ruperto Andrés Tejada

Os criterios que as persoas integrantes do xurado tiveron en conta para elixir as obras premiadas, foron: a calidade artística das obras presentadas en cada unha das súas dúas modalidades, a orixinalidade e a súa eficacia como elemento transmitir da mensaxe, tal e como se recolle na base décima do concurso.

As persoas do xurado, desexan por de manifesto o esforzo de todas as persoas que participaron neste certame así como a calidade das obras admitidas a concurso.

Ditaminado o fallo do xurado, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o acordo de:

1º Conceder o primeiro premio na modalidade de fotografía dixital a **Dona Gloria M^a Fuentes Rey**, pola presentación da obra “Nunca ... nin xogando”;

CONCELLERÍA
DE
IGUALDADE

ALCALDÍA



2º Conceder o primeiro premio na modalidade de microvídeos a **Dona Miriam Rodríguez Domínguez**, pola presentación da obra *“Semella que estou lonxe”*;

3º Non conceder accésit na modalidade de fotografía dixital e conceder dous accésit na modalidade de microvídeo:

Accésit otorgado a **D. Diego Mendez Lamas**, pola presentación da obra *“Non cales, vive”*

Accésit otorgado a **D. Jesús Ruperto Andrés Tejada**, pola presentación da obra *“Rompe co silencio”*

4º Inadmisión das inscricións realizadas fóra de prazo

Levántase a sesión ás once horas .

CG/

Vigo, 2 de decembro de 2011

Cristina Gómez García

Xefa do servizo de Igualdade

Ana García Barrio

Axente de igualdade

Integrantes da comisión de traballo creada no seo do Consello Municipal da Muller que formaron parte do xurado:

Mª Jesús Lago Rey

Presidenta. Concelleira delegada de Igualdade

Luisa Ocampo Pereira

Asoc. Mulheres Nacionalistas Galegas

Aurea González González
Asociación de Mulleres Dorna

Rosario Otero Rodríguez
Rede de Mulleres Veciñais contra os malos tratos

Iolanda Veloso Ríos
Representante do grupo municipal do BNG